

PALPURA

EDICIÓN ESPECIAL
50° ANIVERSARIO

CPI DOMINGO FONTÁN. 2022





1. OS NOSOS INICIOS COMO CENTRO ESCOLAR:

TABLA DE CONTENIDOS

1. OS NOSOS INICIOS COMO CENTRO ESCOLAR:	3
2. O NOSO COLE:	5
3. XORNALISTAS POR UN DÍA:	6
4. ACTO DE APERTURA "50 ANIVERSARIO C.P.I. DOMINGO FONTÁN"	12
5. Semana deportiva 50 Aniversario C.P.I. Domingo Fontán: CAMPIONATOS	16
6. CAMPIONATO DE XADREZ 50 ANIVERSARIO	18
7. ACTIVIDADES DO EQUIPO DE BIBLIOTECA:	32
8. POEMA 50 ANIVERSARIO:	58
9. XORNADA DE CONVIVENCIA 50 ANIVERSARIO	59
10. XUBILACIÓN "DON PABLO":	63
11. FESTIVAL DE NADAL ESPECIAL "50 ANIVERSARIO":	66
12. PASATEMPOS:	70
13. (...) e formar parte de algo máis grande que nós mesmos.	74
14. Alumnado, persoal docente e non docente, que formaron parte desta comunidade educativa durante o ano 2022:	77

Este curso 2021/22 o CPI Domingo Fontán, vive un momento histórico para toda a súa comunidade educativa, a celebración do 50 Aniversario dende a apertura das súas portas como "Agrupación Escolar" no curso escolar 1971/72.

A finais dos anos sesenta a política educativa do Concello de Portas, a mesma ca do resto dos concellos, estaba dirixida pola Xunta Municipal de Ensino Primario, composta polo Excmo. Sr. Alcalde, algúns concelleiros e Mestres.

Os alumnos escolarizados nestes anos procedían de máis de 40 núcleos de poboación repartidas nunha superficie de 24 km² que asistían a once escolas do Concello, situadas nos lugares de: Mondoiro (Lantaño), Pumariño (Romai), San Xoán (Portas), A Cruz (Portas), Outeiro (Portas), Esqueiro (Briallos).

Naqueles tempos, son se cumpría a obrigatoriedade de asistencia á escola de 6 a 14 anos, e as instalacións escolares atopábanse nun estado precario, polo que era precisa unha reforma.

Xa en abril do ano de 1967, a Xunta Municipal de Ensino Primario, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Portas, D. Antonio Casal Touriño, na sesión de 08-04-1967, así como no pleno municipal do 04-06-1968, estudaron a posibilidade da "Concentración escolar". Esta solicitude foi denegada polo Ministerio de Educación e Ciencia, e non conformes coa resolución, Xunta Municipal de Ensino Primario e Concello de Portas, interpuxeron unha nova solicitude.

O día 22 de Xullo de 1969 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

(nº166) anúnciase o concurso de subasta pública de "Obras de construción de 12 seccións e 4 vivendas para Mestres no Concello de Portas cun orzamento de 8.950.049,33 pesetas.

As obras comezan en febreiro de 1970 e no BOE do 15 de xullo de 1971, publícase a constitución da "Escuela Graduada Mixta Comarcal" formada por seis unidades de nenos e seis unidades de nenas.

O 20 de setembro de 1971, da comezo a actividade escolar na Escola Graduada Mixta Comarcal de Currás en Portas, en sesión continuada, debido á falla de dotación para o comedor escolar.

O grupo de mestres que compuxeron o primeiro cadro foron:

D. Adolfo Abalo Alonso

D. José Andión Rajoy

D^a Celsa Gallego Martínez

D^a Carmen Varela Pérez

D. Ramiro Rojo Pérez

D^a Dora Pimentel Piernas

D^a Pilar Carballo Iglesias

D^a Marina Vilariño Fernández

D^a Pilar Fontenla Gil

D. Manuel Ferradáns Ferro

D^a Carmen Liz Gómez

D^a Leonor Cancela Alfonsín

D. Agustín Salgado Abalo

D. Manuel Ramos Bayón

D^a Elena Cao Pazos



D^a María Luísa Arcos Núñez

O comedor escolar comezou a funcionar o 6 de novembro de 1972 cun número inicial de comensais de 200.

Pouco despois, solicitouse un cambio na denominación deste escola, que pasou a ser a Escola Graduada Mixta Comarcal "Domingo fontán", en honor ao ilustre xeógrafo nado no lugar de Porta de Conde (Romai) .

No ano 1973 pasa a denominarse Colexio Nacional "Domingo Fontán", pero ten que chegar a 1975 para ser recoñecido como Colexio Nacional de EXB "Domingo Fontán"

En 1986 é dotado coa súa primeira aula de Educación Especial/ Apoio. Foi un momento de moitos cambios pedagóxicos.

Xa no ano 1996, coa entrada en vigor da L.O.X.S.E.,o centro escolar, que pasara a denominarse C.E.I.P. "Domingo Fontán", mudará o seu nome, e no curso escolar 97-98, pasará a chamarse C.P.I. Domingo Fontán, que será a súa denominación ata hoxe.

Hoxe, 50 anos despois da creación do noso centro escolar, queremos vivir un ano de homenaxes e actos de celebración , por formar parte de esta comunidade, tan rica, que facemos tod@s.

2. O NOSO COLE:

Imos contarvos como era o colexio do CPI Domingo Fontán fai anos atrás.


No colexio non había ximnasio, todo o patio estaba cuberto de terra, e o pavillón, onde algúns días facemos ximnasia, estaba en construción.

Onde está o patio de terceiro estaba todo feito de ferro e ademáis non había o invernadoiro onde plantamos todas as leitugas, tomates, cebolas ...

Pobres rapaciños, non tiñan patio de infantil, todos xogaban no mesmo lugar. E ademáis non tiña céspede artificial para xogar a todos os xogos que xogamos cando éramos pequenos.

Onde se facían os festivais era no comedor onde xantamos todos os días de clase, xuntaban as mesas do comedor e coas cadeiras facían coma se fosen asentos para mirar o escenario. Os directores eran Don Juan Laguarda e Dona Mercedes.

As clases eran dende párvulos ata oitavo e os cursos estaban divididos en A B e C de tantos alumnos que tiña o colexio, ademáis os alumnos so podían ir a relixión.



Poema:

O verán enta pola porta
as libretas convértense en xoaniñas
a ventá está aberta
para ver o noso pobo con moita
morriña.
Feliz 50 aniversario
sempre xuntos sacando un agasallo
esperamos que todo sexa sen ningún
fallo.



Irene Lodeiro, Sara Barreiro, Icíá Ríos, Uxía Ríos e Alicia Vázquez. 5ºB



3. XORNALISTAS POR UN DÍA:

3.1. ENTREVISTA A MIÑA NAI:

-Cantos anos estiveches estudando no C.P.I Domingo Fontán?

-Estiven 8 anos estudando no Domingo Fontán.

-Quén era o teu director?

-O meu director era Don Juan Laguarda.

-Tiñades secretaria?

-Si, e chamabase Doña Peregrina.

-Como foi a túa experiencia en Portas?

-Gustoume moito, eramos como unha gran familia, xogabamos todos xuntos e pasabámolo moi ben cos xogos: araña pica o huevo, a chopa, etc.

-E por último, cantos anos tiñas cando marchaches do C.P.I Domingo Fontán?

-Tiña 13 anos.

Izan Silva Laiño 5º B

3.2 ENTREVISTAS NO COLE:

Os alumnos e alumnas de 5º A de E.P. fixemos un achegamento aos xornais no curso que remata.

Para a meirande parte de nós o máis divertido está nas páxinas de pasatempos pero tamén coñecemos máis de preto as partes dunha noticia, como enfrentarnos a redactar as nosas...e entre todas as actividades que, pasiño a pasiño, fomos desenvolvendo, está unha que enfocamos cara a celebración do 50 aniversario do noso centro: entrevistar a persoas moi importantes no colexio, pola súa labor e/ou polo tempo que levan no mesmo.

Unha vez seleccionadas, dirixímonos a elas e eles para propoñerlles que nos adicasen un pouco do seu tempo e nos permitisen coñecer os mellor. Todos e todas accederon amablemente ás nosas peticións. Concretada esa primeira fase fixemos choiva de preguntas, seleccionamos as máis significativas, e cando tivemos todo disposto, libreta en man, reunímonos, cada un dos catro grupos que fixemos en clase, con Trini, Ramón, Flora e o profe Pablo.

3.2.1. FALANDO CON TRINI:

Non podíamos, no 50º aniversario do C.P.I. "Domingo Fontán", facer entrevistas ás persoas que consideramos moi importantes no noso colexio, e non terlla feito a Trinidad Rodríguez Suárez.

Trini, como todos a coñecemos, é unha desas persoas, que cando te lembras dela, un sorriso tenro aparece na nosa faciana e a meirande parte das nosas nais e os nosos pais falan, a miúdo, dela e doutras persoas coas que traballou ou coas que aínda traballa, cando empezan as clases, ou no entroido, cando se achega o verán... frases como "que boas estaban as lentellas do comedor", "sempre me facían unha infusión cando me doía a barriga", "menudo arroz con leite facían no comedor do colexio"...e así unha frase tras outra na que as

nosas familias nos transmitiron o cariño co que Trini, Rosita, M.Carmen, Emilia, Fina, Mª Xosé... coidaron de varias xeracións de portenses coma se dos seus propios fillos se tratase, e algunhas delas seguen a facelo no día de hoxe e outras desfrutan do merecido descanso da xubilación.

Hoxe compartimos uns minutos de conversa cunha desas persoas maravillosas, que moitas veces en silencio, outras berrando para que nos portemos ben no comedor, está día tras día dando o mellor de si mesma para que o noso xantar sexa de luns a venres saboroso e saudable, estamos con Trini.

Bo día Trini, como te atopas? O primeiro de todo moitísimas grazas por dedicarnos un pouco do

teu tempo.

Imos comezar a entrevista:

1 Pensamos que eres natural de Portas, estamos no certo?

Si, é certo, son natural de Portas.

2 E estudaches neste colexio?

Si, fun alumna deste colexio.

3 Trini, e a túa paixón pola cociña, como xurdiu?

Xurdiu de ver a miña nai cociñar e xa me gustaba moito cando era pequena.

4 Xa que eres unha das persoas que máis tempo levan no centro, cantos anos levas exactamente?

Levo 38 anos traballando no colexio de Portas.

5 Gustaríache traballar noutra profesión?

Non me gustaría porque encántame o traballo que teño e non cambiei nunca de profesión.

6 E Trini, se puideses, que novos pratos poñerías no menú?

Nada, salvo algún novo postre.

7 Cal sole ser a túa función na cociña?

Preparar o 1º prato, o 2º prato ou...?

Axudo en todo e nalgún prato.

8 Como cociñas tan ben, quiseches participar en Master Chef? Terías asegurado o premio! Non me interesou nunca o mundo da televisión nen os concursos.

9 Dende que ti empezaches a traballar ata agora, como cambiou o colexio?

Seguro que moitas cousas!

Si cambio, e moito, mudou en moitísimos aspectos.

10 Que cousas pensas que teñen que mellorar?

Temos falta de cousas, pero non creo que precisemos grandes melloras. Non cambiaría nada, nin os comensais que temos cada día no comedor.

11 O pasado día 7 de maio inaugurouse a conmemoración do 50 aniversario cunha celebración na que ti estiveches, que che pareceu?

Moi ben, gustoume moito.

12 Que che gustaría facer ou que se fixera para seguir celebrando esta data tan importante?

Sería estupendo ter unha semana cultural adicada ao centro.

13 Vas participar, se podes, noutras festas que se fagan co gallo deste 50 aniversario?

Sí, por suposto.



Trini nunha intervención no colexio de Portas.



3.2.2. FALANDO CON RAMÓN:

Algunhas veces hai traballos ou profesións que a simple vista non parecen difíciles ou incluso pode que alguén dubide da súa importancia ao respecto doutros, pero nada máis lonxe da realidade.

No cole de Portas se non ven un alumno ou un profe, pode que o cole o note, pero si falta Ramón a cousa pinta mal.

Desde que poden estar as cancelas pechadas, que non funcione a calefacción, que estén averiadas as persianas, ata que non cheguen as mesas ou cadeiras nunha aula... infinidade de cousas que complican o desenvolvemento normal do traballo no noso cole. E a persoa que fai que todo funcione como debe é Ramón Moure Diz, o noso conserxe, sin o que a vida do cole sería moi complicada.

Ramón cos alumnos de 5ºA que o entrevistaron , Uxía, Carolina, Brais e Hugo

Bo día Ramón . Hoxe ímoste entrevistar porque eres o conserxe deste colexio e para nós eres unha persoa moi importante .

1. A primeira pregunta que che imos facer é : naciches en Portas ou naciches noutro sitio?

Nacín en Portas , na parroquia de Romai e vivo en Vilavedra.

2. E , de pequeno, viñeches a este colexio?

Sí, vin durante dous anos .

3. E que cambios houbo dende aquela ata o de agora?

Agora o colexio aumentou, antes era moito máis pequeno. Gústame máis agora debido a que ten moitas plantas polos corredores e no xardín, está pintado, é máis grande...

4. Ramón , e ti portábaste ben no colexio ou eras un traste como algúns de nós?

Eu era un pouco traste. (Aparece un sorriso entre os seus beizos e pon cara

de pillabán)

5. Antes había asignaturas diferentes ás de agora ?

Non, era máis ou menos como nestes momentos.

6. En que consiste o teu traballo ?

En arranxar cousas e recoller os balóns , principalmente.

7. E traballaches algunha vez noutra cousa ou gustaríache telo feito noutra profesión?

Sí , traballei no concello durante 30 anos. E agora levo sete anos no colexio.

8. Con cantos anos empezaches a traballar?

Empecei moi novo, con catorce anos.

9. Que te motivou a ser conserxe?

Foi o destino, algunhas veces as cousas xurden sin que ti o teñas previsto.

10. Os alumnos e alumnas caémosche ben ou estás farto de aturarnos e de recollernos os balóns?

Si caédesme ben, pero teño que recoñecer que balóns recollo a moreas mais vou feliz e contento a por eles.

13. Ramón , este ano o cole está de aniversario , cumpre 50 anos . Tes máis traballo ca outros cursos con motivo desta celebración ?

Un pouco máis sí que teño, pero fágoo con gran gusto.

14. Estiveche o día sete de maio no primeiro acto , dos que se van facer , polo cumpre do cole ? Que che pareceu ?

Si estiven e gustoume moito pero faltaron moitos alumnos .

15. Pensas que é importante que Portas teña o seu propio colexio ?

Sí, é moi importante.

16. Que che gustaría que se fixese para seguir celebrando o 50 aniversario , unha festa con orquesta , unha comida ou ... ?

De todo un pouco estaría ben.

Despedímonos de Ramón agradecendo que nos permitise "roubarlle" un pouco do seu tempo.

Ramón cos alumnos de 5ºA que o entrevistaron , Uxía, Carolina, Brais e Hugo



3.2.3. FALANDO CON FLORA:

Flora Caba Cascallar é unha das mestras de educación infantil no CPI "Domingo Fontán" de Portas. Pero é máis ca iso, é a xefa de estudos de Primaria, é nai de alumnos do centro e ademais foi alumna deste colexio. No traballo periodístico que temos que facer os alumnos e alumnas de quinto A de primaria, en concreto, unha entrevista, decidimos que fose a esta persoa pois consideramos moi interesante coñecer un pouco máis a alguén que ve o cole desde distintos puntos de vista, alumna, nai , mestra e membro do equipo directivo, nunha data tan importante para o centro como é a conmemoración do seu 50 aniversario.

1. Flora , sabemos que eres oriúnda de Portas, viñeches a esta escola cando eras pequena?

Sí, de pequena vin ao cole de Portas.

2. E cambiou moito o colexio desde aquela ata agora?

Sí, cambiou moitísimo.

3. E no recreo, a que xogabades?

Ao brilé, á comba ...

4. De cativa, eras boiña ou facías moitas

trasnadas? Podes contarnos algunha?

Facía moitísimas trasnadas, interrompía seguido a clase xa que me poñía a contar chistes.

5. Agora hai comedor, na túa infancia había?

Sí, daquela xa o había.

6. Antes de traballar no colexio de Portas, estiveche traballando noutras? E de ser así, gustábanche mais ca este?

Sí, estiven traballando noutras, como o de Cuntis, pero non eran mellor ca este.

7. De non ter sido mestra, a que te huberas dedicado?

Gustaríame conducir un camión.

8. Flora, entre ser alumna e agora mestra, cantos anos levas en total no colexio de Portas?

Levo uns 16 ou 17 anos.

9. Sabemos que tes fillos e veñen a esta escola.

É comodo, para ti, que os teus fillos veñan ao mesmo colexio onde traballas?



Para a miña vida sí, pero penso que para eles era mellor estar nun colexio onde non estivera a súa nai..

10. Levaste ven cos nenos, en xeral? Mellor cos pequenos ou cos maiores?

Si, lévome ben con todos, pero mellor cos pequenos.

11. E gustaríanos saber, estás moi farta dos problemas que damos xogando ao fútbol?

Si, moitísimo, non vos podedes imaxinar.

12. E cos outros mestres, que tal te levas?

Ben, lévome ben.

13.É fácil traballar cos máis pequenos ou preferirías traballar en cursos máis altos?

Eu prefiero traballar sempre cos pequenos.

14. Ademais de mestra eres xefa de estudos, recordas quen ocupaba ese posto cando eras pequena?

Non o recordo.

15 En que consiste o traballo de xefa de estudos? Gústache?

En organizar os horarios dos profesores, actividades do centro..

E non, non me gusta ser xefa de estudos porque o día a día é moi duro.

16 Flora este ano o noso cole está de aniversario

Emociónache, como alumna que foche e mestra que eres agora, que o colexio cumpra 50 anos?

Sí, moito, xa que levo moitos anos aquí.

17.E tes máis traballo co gallo desta celebración?

Sí, moitísimo máis.

18.O día sete de maio tivo lugar, no centro, un acto con motivo do 50 aniversario. Que outras cousas están previstas co gallo desta celebración?

Actividades deportivas, festas de convivencia e charlas.

19.Hai algo que che gustaría engadir ao que xa nos tes dito?

Non, a verdade é que está moi ben.

Grazas polo teu tempo e por concedernos está entrevista...



Flora co alumnado que fixo a entrevista, Xavi,Zaida,Aaron e Lucas.

3.2.4. FALANDO CON DON PABLO:

Ola profe Pablo. Querémote entrevistar porque eres un dos profesores que leva máis anos traballando neste colexio e, como sabes, este ano o colexio cumpre 50 anos.

1.Cando eras cativo, onde estudaches?

Eu estudei no colexio en Lugo e despois en Santiago.

2.Recordas o nome dalgún amigo que tiveras en primaria?

Sí recordo...moitos. Por exemplo: Miguel, Todayo...

3.Cal era a túa materia preferida? Porque supoñemos que algunha che gustaría máis que outras!

A miña preferida eran as matemáticas.

4.E... pódenos contar algunha trasnada de cando eras cativo, porque algunha farías, non si?

Claro que fixen algunhas. (Pónselle cara de risa) Recordo un martes de entroido, no que era festivo en todos os colexios menos no noso e había clase coma sempre. e tres compañeiros e máis eu, atrancamos as portas do colexio con gomas de mascar e pipas para non ter clase, pero esquecémonos de atrancar a porta do comedor e ao final tivemos que estudar alí. Non nos saímos coa nosa!

5.Cando eras pequeno, xa tiñas a ilusión de ser mestre?

Sempre tiven o desexo de ser profesor, gustábame moito.

6.Cantos anos levas traballando no cole de Portas? Moitos...levo 35 anos neste colexio.

7.Se levas tantos anos, iso quere dicir que che gusta moito este cole. Que destacarías en especial?

Tería que enumerar moitas cousas. Pero destacaría o gran cambio que sufriu durante estes anos.

8.Gustaríache ter traballado doutra cousa que non fose mestre?

Non! Gústame moito dar clase.



O profe Pablo cos alumnos que o entrevistaron: Adrián, Yeray, Roberto e Breixo

9.Ata que idade che gustaría seguir exercendo a túa profesión?

Este é o último curso como mestre, pois voume xubilar ao remate do curso actual, aos 65 anos.

10.Que cousas cambiaron no colexio dende que empezaches a traballar ata o de agora?

O sistema educativo, a EXB, unha morea de cousas...

11.Sabemos que as melloras do colexio as decide o Consello Escolar, pero que cousas cres que faltan por facer ou cales se deberían mellorar?

Sempre hai cousas que mellorar por moito que se teña avanzado, diría que máis xogos no patio, máis material nas aulas e máis cómodo, entre outras.

12.Había comedor cando comezaches a traballar neste cole?

Sí, xa había.

13.Profe Pablo, sabemos que fuches moitos anos responsable do comedor, que cambiou nel desde que empezaches ata o día de hoxe?

Moitas cousas, as mesas, as dietas, os turnos...

Agora queremos falar sobre o 50 aniversario do C.P.I Domingo Fontán.

14.Estás orgulloso de que o colexio teña 50 anos? Porque sabemos que dedicaches moitísimo tempo a coidalo e melloralo

Claro que estou orgulloso, todos temos que estarlo. de Primaria.

Nesta pequena "conversa" con el, intentamos coñecer ao neno que foi e os seus desexos para o futuro:

15.O día sete de maio celebrouse o primeiro acto, dos que se van facer, para a celebración dos 50 anos do noso colexio, participaches?

Si, participei.

16.E que che pareceu?

Moi bonito.

17.De facerse máis festas para seguir celebrando algo tan importante, participarías?

Claro que participaría.

Por último:

18.Cres que, dentro dalgúns anos, cando celebremos o 75 aniversario, algún ou algunha de nós será profe seleccionados para ser entrevistado polos alumnos de 5ªA neste cole

Sí, posiblemente.



4. ACTO DE APERTURA "50 ANIVERSARIO C.P.I. DOMINGO FONTÁN"

Co gallo de celebrar, en toda a nosa comunidade educativa e contorna, o momento histórico que conleva o 50 aniversario de apertura e funcionamento do noso centro escolar, procedeuse á creación e nomeamento dunha "Comisión de Coordinación do 50 Aniversario", coa finalidade de seleccionar, organizar e xestionar, tódolos actos a levar a cabo neste ano de celebración.

Nesta comisión participa: profesorado do centro, exalumnos, representantes do concello, de asociación culturais e deportivas da contorna e todo aquel integrante da nosa comunidade que amosou interese por colaborar na organización deste evento.

Así, a Comisión Organizadora do 50 Aniversario, quedou composta polos seguintes integrantes:

- Flora Coba
- Maria del Carmen Martínez
- Eva Solla
- Johnny Güimil
- Xan Constenla
- Davinia Outón
- Luís Villaverde
- Sara Rosales
- Eva Salgado
- Pablo Vázquez
- Ramón Santalla
- Juan Maestú
- Ana María Peña

- Elena Estévez
- Fátima Rios
- Lourdes Blanco
- José Fontán
- Eligio Mandayo

Así quedaban representados o profesorado do Centro, Concello de Portas, Banda de Lantaño, Portas Club de Fútbol, Asociación Cultural Josefina Figueroa e colectivo de exalumnos do CPI Domingo Fontán..

As xuntanzas organizativas tiveron lugar no centro escolar de referencia en horario de tarde.

O primeiro acto comunitario que se celebrou, foi o "Acto de Apertura".

Tivo lugar o 7 de maio (sábado), a partir das 11:30 da mañá e comezou cun pasarrúas a cargo da Banda de Música Unión de Lantaño, nos arredores da Rapeira para entrar todos xuntos ao Centro.

Tivemos como convidado de honra a D. Gerino Calvo Maquieira que fixo de moderador nun pequeno coloquio entre exdirectores, exdirectora e director actual.

Despois, gozamos dun pequeno concerto da Banda de Música Unión de Lantaño na entrada principal a carón dos xardíns.

Finalmente degustamos uns petiscos entre todos os asistentes.

Foi un día memorable e cheo de bos momentos que lembramos nas seguintes instantáneas:



Mesa de tertulia



Juan Fernando Laguarda Badía



Agustín Salgado Abalo



Juan Manuel Vicente Vinseiro



Gerino Calvo Maquieira



Luís Villaverde Platas



Pasarrúas da Banda de Música Unión de Lantaño



Concerto de Banda a cargo da Banda de Música Unión de Lantaño



Gran día para todos os que formamos parte desta comunidade escolar.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



5. Semana deportiva 50 Aniversario C.P.I. Domingo Fontán: CAMPIONATOS

A semana do 7 de xuño ao 14 do mesmo mes, celebráronse no centro unhas xornadas de convivencia e relación entre alumnado de diferentes idades do noso centro, co deporte como fio conductor. Foron actividades lúdico-pedagóxicas que ofreceron fermosos momentos de disfrute e aprendizaxe ao noso alumnado, organizadas pola profesora titular de Educación Física en ESO, Eva Salgado.

Agradecemos os esforzos de organización e posta en práctica destas xornadas levados a cabo por esta docente e outros que participaron na actividade, así como ao alumnado que exerceu labores de monitorización

doutros compañeiros de menor idade.

Foron unhas xornadas fermosas que contamos poder repetir.

Comezaron con actividades de animación deportiva e xogos de auga para os máis cativos e remataron con torneos deportivos para o resto do alumnado.



Desenvolvéronse torneos de bilet, ping-pong, fútbol, baloncesto, voley e tenis-pista, nas categorías masculina, feminina e mixta.

Participou todo o alumnado do centro, agas o alumnado de ESO pendente de realización de probas extraordinarias.

O nivel de participación tamén contou coa presenza de profesorado de diferentes etapas.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega





6. CAMPIONATO DE XADREZ 50 ANIVERSARIO

6.1 PRIMEIRA XORNADA :



O pasado martes, **14 de Xuño de 2022**, tiña lugar no colexio un Campionato de Xadrez, contemplado dentro do programa de actividades do 50 Aniversario **CPI DOMINGO FONTÁN**.

O noso é un centro educativo onde o xadrez é un selo

distintivo do mesmo, traballándoo dende hai aproximadamente uns 20 anos. Actualmente é unha materia optativa en 1º e 2º de ESO, contando a maiores coa formación adicional, voluntaria e máis profesional dentro do Club de Xadrez CULTURAL DEPORTIVA PORTAS.



Ata este ano, organizabamos un torneo de Xadrez chegada a data de celebración do aniversario do nacemento do eminente e distinguido matemático Domingo Fontán, en colaboración coa Asociación Domingo Fontán de Portas.

Este ano, non obstante, decidimos facelo pola mañá

dentro do horario escolar, dando así a oportunidade a todo o alumnado de poder participar no mesmo.

Dicir que foi todo un acerto, superando tódalas expectativas ó anotarse un total de 83 xogadores, case nada...

A loxística do torneo era maiúscula, pero a boa disposición de todos: colexio, cociña, concello, ... etc, sumada

ás enormes ganas de disfrutar desta festa do *Deporte-Ciencia*, superaba calquera tipo de adversidade.



Os rapaces convertíanse nos auténticos protagonistas do evento, xa que ó longo de toda a mañá os diferentes niveis do Centro: Infantil, Primaria e Secundaria, pasaban polo ximnasio durante un tempo de

10-15 minutos para poder apreciar o silencio e concentración acadados entre tanta xente, e que... ***o Xadrez é capaz de lograr cousas que ás veces parecen imposibles.***





Pensemos no número de neuronas gastadas ó longo das 4 horas nas que se disputou a competición ao redor de 41 taboleiros de xogo. Un total de 1312 pezas xacían nos seus escaques de saída agardando a valente decisión dos seus donos

á hora de confrontalas na batalla, quenes, como mestres de marionetas, decidían otorgarlle vida ou morte segundo as súas caprichosas decisións, estratéxicas ou tácticas, levadas a cabo en cada partida.

Branca ou negra, con absoluta liberdade en canto a prexuízos raciais, as pezas paseábanse polo taboleiro guiadas polos fíos intelectuais dos seus mestres: filas, columnas e diagonais, cara adiante ou cara atrás, roles atacantes ou defensivos, casas claras e escuras, soldados

A nosa cocifeira *María José* quixo adoazar o torneo con algunhas



sobremesas caseiras. Agradecer, nesta mesma liña, a




dispostos a sacrificarse polo ben común do exército no que milita, ..., todo elo co único obxectivo de anunciar ó seu rival o ansiado **xaque mate**.

colaboración de *Lourdes* e 'Distribucións Froiz' polas súas aportacións e axuda, que non foron poucas.





Afondemos agora un pouquiño máis na parte técnica do torneo:
 A competición estivo organizada en 4 categorías: **SUB-10, SUB-12, SUB-14 e SUB-16**, con 12, 25, 24 e 20 xogadores en cada unha delas, respectivamente



Seis roldas cun ritmo de xogo de aproximadamente 20-25 minutos. Se chegado este tempo a partida non estaba finalizada, o comité arbitral, integrado polos alumnos do Club de Xadrez: *Abel Nieto, Fiz*

Ríos e Pablo Leal, máis Javi e Davi, era o encargado de decidir o resultado da mesma en base a cuestións puramente técnicas: vantaxe ou desvantaxe material, posición, posibles redesde mate, combinacións tácticas



Tan só empregáronse reloxos de xogo nos enfrontamentos directos entre xogadores de Club, así como en posibles desempates nas tres primeiras posicións de pódium.

desexadas por tódolos guerreiros, pero non ao alcance de calquera. Ser valente, decidido e contundente, ó mesmo tempo que calculador, táctico e estratéxico, son condicións sinxuais para poder acadar tan ansiado trono.

Reservamos un espazo especial para as primeiras mesas de xogo, **MESAS DE REIS**,





Revista "Palpuriña" 50 ANIVERSARIO C.P.I. Domingo Fontán



Tras unha mañá chea de loita e **sangue** derramado sobre o conflictivo e enmarañado campo de batalla...



... os gañadores foron:

CATEGORÍA SUB-10		CATEGORÍA SUB-12	
1º	MANUEL ABAL	1º	YERAY FERNÁNDEZ
2º	ULISES REY	2º	SABELA FOJO
3º	DARÍO POMAR	3º	LUCAS FARIÑA

CATEGORÍA SUB-14		CATEGORÍA SUB-16	
1º	MANUEL FANDIÑO	1º	JAIME GORÍS
2º	ALEJANDRO LÓPEZ	2º	ALFREDO MEJIDE
3º	RODRIGO RUIBAL	3º	HUGO SAYÁNS



¡MOITAS FELICIDADES a todos vós, rapaces e rapazas, pola vosa participación e actitude ata o final nesta festa do deporte que foi, é e seguirá sendo o Xadrez...



¡¡ GRAZAS e... ATA O ANO QUE VEN !!



6.2 SEGUNDA XORNADA :

CAMPIONATO NACIONAL DE XADREZ ESCOLAR POR EQUIPOS 'TIC-TAC CHESS'



Estabamos clasificados para a **GRAN FINAL**, final que se disputaría en **Madrid** o **10 de Setembro** deste mesmo ano.



O **25 de Xuño de 2022**, un equipo de 6 xogadores (*Yeray, Lucas, Adán, Manuel, Brais e Yoel*), todos eles alumnos de Primaria do Colexio Domingo Fontán e membros do Club de Xadrez Cultural Deportiva Portas, decidiu presentarse a este interesante torneo. Estamos acostumados a que o xadrez se desenvolva nun contexto competitivo máis ben individual, tendo a oportunidade esta vez

de amosar o noso nivel de xogo colectivamente.

A fase clasificatoria tivo lugar en Vigo nas instalacións do 'Centro Comercial Vialia Estación de Vigo', presentándose á cita un total de 4 equipos, entre os que nos atopabamos. Portas estivo implacable, gañando contundemente a todos eles e vencendo en 22 das 24 partidas xogadas.



Organizamos os preparativos necesarios e suficientes para estar presentes na capital española, cargados de enorme ilusión por volver defender o escudo de Portas. Pais e

nais, Colexio, Club e Concello sumaron as súas forzas para apoiar cada un deles segundo as súas posibilidades e facilitar así o desprazamento e estancia na data sinalada.



Preparámonos técnica e mentalmente durante o mes de Agosto para esta final, tentando facer un xogo máis áxil, rápido e contundente co obxectivo de desenvolvemos sen apuros de tempo nun ritmo de xogo previsto de 5 minutos por xogador e partida. A concentración tiña que ser máxima. Eramos conscientes de que os enfrontamentos tornárianse bastante máis complicados que na fase clasificatoria,

acudindo esta vez os mellores colexios, xa clasificados, dos puntos xeográficos seleccionados en España para disputar esta competición: *Burgos, Logroño, Sant Boi (Barcelona), Colmenar Viejo e Alcalá de Henares (Madrid), Sevilla e Vigo.*

A tan ansiada final celebrouse nas instalacións do 'Centro Comercial La Dehesa', en Alcalá de Henares (Madrid).



Sete equipos, 6 roldas de xogo e 4 taboleiros en cada unha delas. O equipo CPI Domingo Fontán de Portas reafirmaba o seu bo xogo, deixando ben claro que os resultados acadados na fase previa en Vigo non foron froito da casualidade ou do azar. Obtiveron 20,5 puntos de 24 posibles, proclamándose campións nacionais de xadrez escolar por equipos nesta

modalidade de xogo rápido 'TIC-TAC CHESS', organizado pola *Escola de Xadrez 'Master Chess'*, unha escola coa estupenda iniciativa de promover o xadrez escolar a nivel nacional.



De súpeto, como se de un soño se tratase, todas as miradas pousáronse sobre nós, o equipo de Portas, un equipo que funcionou ás mil maravillas como tal: un auténtico bloque.

Os rapaces recollían a gran copa e agasallos ante o aplauso do público e resto de xogadores. Exquisito o comportamento deportivo de todos eles, amosando unha actitude digna de eloxiar.





Da publicación dos resultados acadados neste inesquecible evento e realizada polos organizadores do torneo, extraigo literalmente:

A lúa pintaba de branco en todo o seu esplendor esa mesma noite, pero non con máis brillo do que desprenderon os nosos rapaces esa mesma tarde na sala de xogo.

"Su cohesión como equipo, su gran ambiente, un monitor ejemplar y unos familiares estupendos... tuvieron al equipo en "palmitas"... siempre con mucha ilusión, positivismo y buen hacer".



Finalizo co seguinte: gañamos como equipo, nin máis nin menos. Tentamos construír un gran muro sumando as forzas de xogo de todos e cada un deles, sólido e coas mínimas fisuras posibles. Todos participaron, todos

disfrutaron. Estou convencido de que esta experiencia permanecerá gravada nas súas cabezas para sempre. Son dese tipo de vivencias que aportan unha bonita historia para contar e lembrar de agora en diante...

Todos os astros aliñáronse aquela tarde para poder outorgarlle ao noso colexio, o 'CPI Domingo Fontán de Portas', o mellor dos agasallos no ano do seu 50 Aniversario.



¡MOITAS FELICIDADES!

Que o xadrez permaneza sempre contigo e connosco...



7. ACTIVIDADES DO EQUIPO DE BIBLIOTECA:

7.1 RADIO RAPEIRA

HISTORIA DO CPI EQUIPO DA BIBLIO

PROXECTOS



Dende a Biblioteca Escolar queremos unirnos á celebración do 50º aniversario do colexio. Durante todos estes anos a Biblioteca foi cambiando e mellorando ata converterse no eixo vertebrador de moitas das iniciativas do CPI.

O propio espazo físico da biblio non fixo máis que ampliarse e rediseñarse para adaptarse mellor ás necesidades da contorna educativa e lograr ser o espazo acoledor e inspirador que vemos agora. A verdade é que traballamos a reo para conseguilo e estamos moi satisfeitos!!!

Ademais, formamos parte de moitos programas e proxectos ofertados pola Xunta que fan que anosa biblio sexa un verdadeiro espazo creativo.

Aquí lembramos algúns dos máis salientables:

- PLAMBE (Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares).
- Bibliotecas Creativas (impresión 3D e robótica -Escornabots-)
- Radio na Biblio.
- Bibliotecas Escolares Solidarias.
- Club de Lectura "As Portadas".
- Plan Proxecta "Tras os pasos de Domingo Fontán".
- Correspondentes Xuvenís 3.0.PFPP "Biblioteca Escolar".
- Plataforma de Lectura Dixital (ELBE.2).
- Biblioteca Inclusiva

Dende o Equipo da biblio queremos dar as grazas a todos os que participaron nos nosos proxectos todos estes cursos... pronto comecaremos novas andainas!!!.

www.bibliocpidomingofontan.blogspot.com



Aproveitamos a celebración do aniversario para lembrar outros tempos... polo que decidimos facer unha exposición de fotografías sobre o cambio do propio edificio e os patios de recreo.

A verdade é que nestos 50 anos cambiou moitísimo... ata chegar á actualidade cun patio de céspede, un invernadoiro, parques infantís, nova biblioteca... e

a súa cor amarela tan característica! ("amarillo colegio" como di Iván Fandiño :).

Dúas das fotografías aéreas (realizadas por Xabier Loureiro) as conseguimos na pioneira páxina web do noso añorado compañeiro Joseito F. Andión, traballo conservado na fermosa historiadeportas.wordpress.com. Moitas grazas por todo!!!

7.2 Exposición con fotografías sobre a evolución do edificio do CPI



Historia das exposicións da Biblioteca: ESCRITORES



Coa nostalxia tamén quixemos recuperar actividades doutros cursos, e recollimos nun taboleiro toda a serie de ilustracións de escritores aos que lles fomos dedicando exposicións todos estes anos na biblioteca, especialmente ao seren premiados e/ou por femérides literarias importantes.

Fixemos unha exposición no corredor co gallo do Día do Libro 2022: García Márquez, Rosalía, PérezGaldós, Bob Dylan... e as técnicas son, sobre todo, lapis, tinta e estarcido.





ENTROIDO DO PLAMBE:

"Música do século XX"

"Historia"

"Cine e Literatura"

"Viaxes"



Alguns dos premios recibidos:



CULTURAS do MUNDO



CULTURAS DO MUNDO
"Xornada gastronómica"
"Obradoiros de gravado e estampación"
"As 1000 Grullas"



Premio Nacional:

ES DE LIBRO

"Las cartas que escribió Vincent"

Premio Autonómico: GALICONS

Premio Autonómico: CONSUMÓPOLIS "As TICS en Portas"





ESCOLA DE XADREZ



7.3 Proxecto "Tras os Pasos de Domingo Fontán"

www.trasospasosdedomingofontan.blogspot.com



7.4 Exposición "Mes da Ciencia en Galego"

Equipo da Biblio



Este curso celebramos o Mes da Ciencia en Galego (Novembro) dun xeito moi especial: facendo unha exposición no cole cos fondos que temos na biblioteca relacionados con Domingo Fontán, o CPI e anosa contorna.

Para iso creamos novas CDU para os texuelos da nosa Biblioteca e recompilamos todas as Revistas Palpuriña que fomos editando estes anos!





Revista "Palpuriña" 50 ANIVERSARIO C.P.I. Domingo Fontán



Historia da Revista PALPURIÑA(EDLG)

Nova CDU para a Biblioteca Escolar

Equipo da Biblio



DOMINGO FONTÁN (científico)

4

PORTAS · CONTORNA

4.2

C.P.I. DOMINGO FONTÁN

4.1

PALPURIÑA (revista)

4.3



A CDU da biblio dedicada a Domingo Fontán, Portas e á contorna é a 4, e a cor das liñas das etiquetas é o laranxa. Aquí encontraredes o fermoso libro sobre a Banda de Música de Lantaño donoso compañeiro

Juan Laguarda, profesor no cole moitos anos: moitísimas grazas por todo!



Revista "Palpuriña" 50 ANIVERSARIO C.P.I. Domingo Fontán



7.5 CARTEIS e PEGATINAS

Departamento Debuxo

Para celebrar o aniversario deseñamos un logotipo especial que despois puxemos en moitas das demais creacións, avisos e publicacións

Tamén fixemos marcapáxinas troquelados, chapas e pegatinas... hai que lembrar que non é boa idea tratar de imprimir pegatinas na fotocopiadora do cole!



7.6 MARCAPÁXINAS e CHAPAS

Departamento Debuxo

Moitísimas grazas especialmente a Sabela, Katy e Noa por ser tan increíbles na creación de chapas... esperamos que vos gusten!!!








7.7 LOGOS e PLANTILLAS STENCIL

7.8 MURAL "PINTANDO PORTAS"

Departamento Debuxo



Departamento Debuxo



A finais do curso pasado, xa con vistas á celebración do 50º aniversario, en Plástica comezamos un mural sobre algunhas imaxes icónicas de Portas: Domingo Fontán, Concepción Pérez ("A Dona"), o CPI, a Azucareira (cun logo marabilloso deseñado por Katy Rebón!) e que chamamos "Pintando Portas"

A verdade é que foi un pouco caótico... aínda que moi divertido! polo que comezamos a pensar na idea de realizar un grafiti de grandes dimensións... Quen dixo medo?!?





Revista "Palpuriña" 50 ANIVERSARIO C.P.I. Domingo Fontán



7.9 Grafiti "Feliz Aniversario" co artista RAS

Departamento Debuxo




Moitísimas grazas a Ras e ao Estudio Culebra de Pontevedra polas súas explicacións e (sobre todo) paciencia... e a todos os alumnos-artistas participantes polo seu entusiasmo!!!



7.10 Obradoiro de Fotomontaxes: "O CPI polo mundo" Departamento Debuxo

Os alumnos de 3º ESO deseñaron en GIMP cadanseu fotomontaxe co edificio do cole en paisaxes de todo o mundo! Despois fixemos unha exposición no

colexio e seleccionamos aos mellores: Lucía Piñeiro, Álex Conde e Laura González... NORABOAA TODOS!!!



7.11 Obradoiro de Caligrafía Medieval Departamentos de Sociais e de Debuxo



A profe Pilar Rojo, do Departamento de Xeografía e Historia, tivo a idea de facerun obradoiro de caligrafía medieval parapintar en letras capitulares o nome do noso cole.

Seguindo o traballo dos copistas medievais, os alumnos de 2ºESO fixeron cadansúa letra empregando os materiais da época: pergamino, temple de ovo, plumas, tinta, pan de ouro....

A inspiración chegoules do fermosísimo Libro de Kells



7.12 Rediseño da páxina web

Hashtag en Twitter: #EstudieiNoCPIDomingoFontán
#TraballeiNoCPIDomingoFontán e etiqueta: @BiblioDf

Equipo da Biblio



HISTORIA DO CPI DOMINGO FONTÁN



Co gallo da celebración do 50º Aniversario do CPI Domingo Fontán, queremos facer unha proposta a todos os alumnos, profesores e traballadores que estiveron no colexio dende a súa creación.

Facede en TWITTER un breve comentario cos hashtag:
#EstudieiNoCPIDomingoFontán
#TraballeiNoCPIDomingoFontán

e etiquetade á Biblioteca @BiblioDf

Se non téis conta de Twitter, podes enviar o teu comentario* ao email da biblioteca bibliotecapcidomingofontan@gmail.com co teu nome e nós o poñeremos en Twitter coa nosa conta!

* Lembra que en Twitter os escritos teñen que ser moi breves



Nunha das actividades do Plan de Formación do Profesorado (PFPP) deste curso, coordinada por Manuel Bugallo, realizamos a remodelación da páxina web do noso cole: cambio de plantilla, creación de novos bloques, uniformización do deseño...

E, como non podería ser doutro xeito, creamos un apartado específico para a celebración do 50º aniversario no que recolleamos as actividades máis relevantes realizadas este curso.

Tamén empregamos as redes sociais para festexalo e compartiras experiencias que vivimos no CPI.

50º Aniversario do CPI (2021/22)



ACTIVIDADES PARA A CELEBRACIÓN DO 50º ANIVERSARIO DO CPI DOMINGO FONTÁN DE PORTAS (curso 2021/22)




7.13-Abrindo Portas a Europa

Equipo de Programas Europeos

7.14-Presentación do centro e do aniversario á Gorenynchi Secondary School de Ucrania

Equipo de Programas Europeos




Nos últimos anos estamos inmersos nunha serie de programas europeos e de ensino integrado das linguas extranxeiras que englobamos baixo o título de "Abrindo Portas a Europa":

Montamos unha Sección Bilingüe de Plástica en Inglés para 3ºESO e estamos a crear outra de Bioloxía. Conseguiamos un interesante proxecto de mobilidade KA1 Erasmus+ baseado na innovación que, polo

de agora, nos levou a Funchal (Madeira) e a Dublín para afondar na innovación educativa.

E traballamos a reo na plataforma eTwinning colaborando con escolas de toda Europa, obtendo o Selo de Calidade Nacional e o Europeo.

Así lucen as plaquiñas que enviaron para recoñecer o traballo do noso cole e a carta de felicitación!!!



A finais de Xaneiro, os encantadores estudantes da nosa escola amiga Horenynchi Secondary School (de Gorenynchi, moi preto de Kiev) presentábanos nunha reunión virtual as marabillas do seu país e convidábanos a todos a ir a visitalos. Traballáramos con eles nun gran proxecto eTwinning o curso pasado, grazas á súa profe Anna. Un mes antes, fomos nós quen lles amosáramos Portas, lles faláramos sobre

Domingo Fontán e nos felicitaron alegremente polo 50º aniversario do CPI!.

Non temos palabras para describir a dor e a impotencia que nos causan as novas que veñen dende Ucraína. Dende aquí só podemos enviarlles o noso ánimo e desexar que a guerra acabe canto antes!





7.15- Presentación do centro e do aniversario proxecto eTwinning EuroMission

Equipo de Programas Europeos

7.16- PADLET de PRESENTACIÓN de PERSONAXES CÉLEBRES.

CÉLEBRES.

(eTwinning)



DOMINGO FONTÁN SCIENTIFIC

Domingo Fontán was an illustrator, mathematician, politician and geographer which was born in Porta de Conde (Portas) in 1778. That is why our school is named after him!

He was appointed Professor of Geometry, Mechanics at the Special School of the Economic Society of Santiago de Compostela.

Domingo Fontán participated in the creation of the first paper factory in Galicia (1810) and also worked on the design of the first railway line in Galicia (1863). He was also the director of the Astronomical Observatory, in Madrid.

But his masterpiece was the making of the first topographic and scientific map of Galicia, to which he dedicated 17 years of his life, walking and riding a horse around Galicia. He employed mathematical triangulation and trigonometry (on the left is the theodolite he used!).

He died in 1866 and he is buried in the pavilion of Illustrious of our community.

Theodolite (mechanical optical measuring instrument to obtain angles and calculate distances)



Astronomical Observatory (Madrid/Spain)



Pavilion of Galicians Illustrious (Santiago de Compostela)



Galicia Geometric chart

The educational centers that we participate are:

- Escola Secundária Jaime Moniz. Funchal. PORTUGAL
- CPI Domingo Fontán. Portas. SPAIN
- Základná škola. Stará Ľubovňa. SLOVAKIA
- Özel Tekden İlkokulu ve Ortaokulu. Istanbul. TURKEY

We hope to learn a lot and have a great time!!!





Revista "Palpuriña" 50 ANIVERSARIO C.P.I. Domingo Fontán



7.17- Visita ao Liceo Jaime Moniz de Funchal (ERASMUS+ KA1)

7.18 -Promoción 4º ESO 2021/22



En Maio viaxamos de Portas a Funchal (Madeira) para realizar a nosa primeira observación de boas prácticas na Escola Secundaria Jaime Moniz. A experiencia foi realmente interesante... e o acollemento por parte dos profes do instituto totalmente marabillosos!!! Non temos máis que palabras de agradecemento.

para todos!. Aproveitamos, como non podería doutro xeito, para presentar o noso concello, a figura de Domingo Fontán, o CPI e, por suposto, o noso 50º aniversario.





8. POEMA 50 ANIVERSARIO:

No seu aniversario
 falaremos galego
 para o colexio agasallar.
 Orguloso e divertido
 acolleu a moita xente,
 aprender é ser intelixente.
 Cincuenta anos pasan voando
 cos amigos traballando.
 Os exames están rematando
 e chega o verán
 Parabéns ao noso colexio
 CPI Domingo Fontán.



Alumn@s de 5ºB

9. XORNADA DE CONVIVENCIA 50 ANIVERSARIO

O domingo, 25 de setembro, retomamos á volta á actividade escolar dun xeito moi especial; foi unha xornada de convivencia para toda a nosa comunidade educativa.

No evento organizáronse diferentes alternativas de lecer:

XANTAR POPULAR: Cada familia trouxo a súa comida da casa. Algúns trouxeron mesas e sillas de "cámping", outros, como nunha auténtica romería, colocaron manta no nas amplas zonas de herba sintética de que dispón o centro escolar..

PULPEIRA: Dispuxemos tamén deste servizo para todos aqueles que non querían deixar pasar a festa sen comer un prato de polbo!!

CANTINA: Aquí poideron mercar as bebidas que desexaron os que non as trouxeron da súa casa.

INCHABLES: Para todos os nenos e nenas despois do xantar, de 16:00 a 20:00 hrs. Algún pai/nai tamén disfrutou desta actividade, jeje.

LAMBETADAS: Houbo un posto para mercar xelados e chuches varias.

MÚSICA: A Charanga "OS ENCERELLADOS" animou o xantar entre as 13:00 hrs e as 16:00 hrs . Bailamos e cantamos con eles.

AMPLO APARCAMENTO: Habilitáronse zonas de aparcamento nas inmediacións do colexio (campo de fútbol, centro médico, pabillón...)

Foi un evento aberto para todos os que quixeron pasar un domingo especial rodeados de familia e amigos nunha auténtica romaría que comezou ás 13:00 h. e se prolongou ata ben pasadas as 20:00 h., e na que, o sol e temperatura agradables, fixeron desta xornada, un dos mellores actos conmemorativos deste 50 aniversario organizados polo cole.

Foi un día cheo de maxia!





Revista "Palpuriña" 50 ANIVERSARIO C.P.I. Domingo Fontán





10. XUBILACIÓN "DON PABLO":

O 29 de agosto deste ano 2022, o noso benquerido compañeiro "Don Pablo", pasaba a disfrutar da súa merecida xubilación, facendo este curso escolar, todavía máis importante e inesquecible para nós.

O derradeiro "Don" do cole, nado en Santiago, pero coas súas verdadeiras raíces neste lugar de A Rapeira, onde é todo un persoeiro.

Coa súa vida entregada á súa muller e fillas, e ao seu colexio, o C.P.I. Domingo Fontán, onde sempre lembraremos as súas ensinanzas e a súa participación. Tamén lembraremos as súas palabras e, ténndoas en conta, déixome de comentar máis eloxios sobre a súa calidade

humana e o seu bo facer no cole ("as flores...por primavera!").

Os que tivemos o gusto de compartir esta profesión con él, desexámoslle moita sorte nesta nova etapa.

Parabéns por este novo comezo !

Moitos excompañeiros/as e compañeiros/as actuáis, celebramos unha xuntanza na súa honra o pasado día 12 de novembro de 2022, cun xantar no Hotel Rural Campaniola no que se inmortalizaron momentos emotivos e de disfrute, nas seguintes instantáneas:



MOITO PEPERETE...NON CABÍA UN ALFINETE!





Revista "Palpuriña" 50 ANIVERSARIO C.P.I. Domingo Fontán



ÉSTE SEMPRE SERÁ O TEU COLEXIO!

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



11. FESTIVAL DE NADAL ESPECIAL "50 ANIVERSARIO":

Este ano tan especial para o noso centro escolar, quixemos poñer a guinda a unha serie de actos conmemorativos deste 50 Aniversario, cun Festival de Nadal do que poidese disfrutar toda a nosa comunidade educativa.

Foi un gran esforzo de organización, atrezo e loxística que, todo o profesorado, asumiu con gusto nesta ocasión.

Foi un festival con dous pases en días consecutivos (20 e 21 de decembro). Isto permitiu que tanto alumnado, como familias, tivesen a oportunidade de asistir á súa presentación sen a limitación do aforo.

Un festival cun nivel de participación moito máis que satisfactorio e cun resultado en escena impactante que quedará para o recordo.

Estamos moi orgullosos do traballo en equipo e do noso alumnado. Un aplauso merecido para todos/as os/as que fixeron posible esta homenaxe de peche deste 50 Aniversario do C.P.I. Domingo Fontán.

Éstos son os grupos que participaron en escena neste Festival de Nadal:







4º ESO

Equipo de Dinamización da Lingua Galega


12. PASATEMPOS:

12.1 Adiviña quén:

Dúas das profes que imparten docencia no cole actualmente, foron alumnas de este mesmo centro. Adiviñas quénes son?



12.2 Encrucillados:



HORIZONTAIS:

- 1. Apelido do director actual.
- 2. Nome do centro e do xeógrafo autor do primeiro mapa topográfico e científico de Galicia.
- 3. Aprendín a tocar a tuba na escola de (...)de Portas.
- 4. Resultado de multiplicar 10 polo número de anos de aniversario do cole.
- 5. Domingo Fontán era natural de...

VERTICAIS:

- 1. Apelido do actual xefe de estudos de Secundaria.
- 2. Nome do noso conserxe.
- 3. Nome da nosa actual xefa de cociña.

12.3 Xeroglíficos:





Nome da muller de Domingo Fontán:



12.5 Sopa de letras:

BAILE TÍPICO DE ARAGÓN + DETERMINANTE ARTIGO MASCULINO PLURAL + PRESENTE DO VERBO SER, 3ª PERSOA DO SINGULAR

 - ar + I + 

SINÓNIMO DE CAMIÑAR

Nome do primeiro Director da Escola Graduada Mixta Comarcal de Currás (actualmente CPI Domingo Fontán):

12.4 Adiviña:

Ainda que o nome amite,
 o que viña a este bar,
 non viña a "rapear",
 viña polo convite
 ao mellor café e a "chismear"
 e se vostede non o admite,
 non llo vou a terquear,
 pero José confesou a moitos,
 máis ca o cura do lugar.

Adiviña o nome dun dos bares máis representativos de Portas:

A	X	C	A	D	E	R	T	Y	U	F	A
P	A	R	T	B	G	Z	D	A	H	G	U
N	U	E	G	V	H	P	U	R	R	T	I
B	D	M	D	H	T	U	A	R	D	Y	E
T	F	O	A	J	Y	M	L	T	C	W	S
Y	G	N	E	R	I	R	U	U	S	A	Q
P	Y	D	I	Ñ	I	H	Y	O	N	E	U
S	J	O	O	L	L	Ñ	T	X	D	D	E
A	L	I	U	I	P	R	O	A	I	S	I
T	I	R	E	R	O	A	E	S	U	F	R
R	O	O	W	E	N	O	U	Y	T	G	O
I	E	A	G	J	F	T	O	R	I	H	K
A	U	T	R	O	U	T	E	I	R	O	J

Atopa os seis lugares entre os que se repartían as once escolas do Concello de Portas a finais dos anos sesenta :

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



13. (...) e formar parte de algo máis grande que nós mesmos.

"Créalo, ou non, todos formamos parte de algo máis grande que nos mesmos".

Confeso que é no presente que empezo a acreditar no que significa a frase anterior. Supoño que é un dos poucos agasallos que o paso do tempo nos ofrece: a ollada con perspectiva.

Aló pola metade da década dos noventa (sí, sí...no século pasado) a miña mirada erache moito mais limitada. Máis ben era unha mirada fixa nunha línea que vai de Norte a Sur dende Compostela ate Vigo. Durante anos recorrín esa sinuosa línea dun xeito impaciente, no último tren de cada sábado (cara Vigo)...e no último tren de cada domingo (ata Compostela).

O amor da tua vida ben vale calquer sacrificio.

Aló pola metade da década dos noventa topei o amor da miña vida. Obviamente R. era (e sigue a ser) perfecta. Salvo polo detalle de vivir en Vigo.

Daquela, o único carné que tiña era o de identidade...así que o convoie era o único xeito de `poder achegarme alomenos un día a semana a facerlle as beiras (!) á Raquel.

Un solo día a semana, porque o único xeito de ter un peso (¿?) no bolsillo era traballando os outros seis en dous choios en sesión dobre de mañá e tarde.

Coido que xa ides comprendendo que non estaba eu para moita contemplación da paisaxe (entre outras cousas porque a meirande parte do ano a esa hora é noite), nin para moitas conversas cos case inexistentes compañeiros de viaxe.

O que eu quería era chegar canto antes: a miña ollada limitada so era comparable coa miña limitada paciencia.

Total, que sentado nun vagón de aqueles trens que non tiñan forma de paxaro, nin wifi, nin pantallas nin música ambiente...nin nada que non levaras ti mesmo; tódolos sábados pola noite iniciaba unha viaxe...que ás veces non remataba ate o día seguinte.

O spotify dos noventa chamábase "walkman". As playlist estaban gardadas nunhas caixas chamadas cassettes...podías facer búsquedas, pero con xeito: as pilas (sí, pilas, non baterías nin nada deso) duraban un asubío como te pasaras co "darlle pa diante ou pa tras".

Eu tiña unha cinta cunha canción grabada en bucle: "Seven Sundays" de Extreme.

As razóns eran obvias:

"Se poidese facer realidade un so desexo,

Sería moi doado facer a escolla:

Sete domingos un tras outro...

Porque o domingo

É o día que estou contigo".

En fin, na década dos noventa as baladas cursis dos grupos heavies arrasaban en todas partes. Si non tiñas talento poético para agasallar á tua moza, sempre podías tirar de grabarlle unha cinta de baladas. Éxito asegurado.

Como non tiñamos teléfonos intelixentes (nin dos outros), dabamonos ó vicio de leer...libros. Visto con perspectiva, creo que onde de verdade aprendín a ler e a escribir foi no tempo que investín naquelas viaxes das que hoxe fago memoria. Leín moito.

Total, que a estas alturas da película estaredes a preguntarvos: de qué raios vai esta historia? Qué ten que ver co colexio? E o mais importante...qué ca.....o me importa a min?

Non teño resposta para a última cuestión. Mais se resistides á tentación de facer un auto spoiler descubriredes axiña por qué toda esta historia ven a conto de que todos formamos parte de algo mais grande que nos mesmos.

O caso e que estaba canso do traballo, sabía que tiña pouco tempo de lecer, e devecía por bicar á miña moza...está ou non está xustificada a miña presa?

Eso na ida...no caso da volta: estaba ainda mais canso, ás oito da mañá do luns estaría xa no traballo...e so quería durmir para esquecer todo o tempo que faltaba a te o próximo sábado. Está ou non está xustificada a miña presa?

Vale. Grazas pola empatía.

A viaxe en sí non era o problema. Non eran nin cen kilómetros. Tampouco o tren, que, por certo, era bastante mais "permissivo" do que é agora. O problema era que chegados a un determinado punto da viaxe, o tren detíase. É verdade que había unha estación, mais non lembro xamais ter visto subir ou baixar a alguén alí.

O tempo detíase literalmente naquel lugar que non era capaz de recoñecer no medio da noite pecha. A espera facíase eterna. Aparentemente non había ningunha incidencia técnica. Simplemente parabamos e non sabíamos cando voltaríamos a retomar a marcha.

Era sempre así. Todos os sabados na ida e tódolos domingos na volta. Chegamos a ficar mais dunha hora parados nalgunha das viaxes: por eso dicía que ás veces viramos a folia do calendario, no que máis que un traxecto en tren parecía unha singladura de Manoel Antonio. Pasaba medo cando en ocasións, o tren non só se detía senon que se "apagaba" por completo. Neses intres eu so podía pensar si acaso o maquinista vivía neste lugar e paraba para botar unha partida e una parrafada cos colegas na cantina. Por certo as portas do tren sempre ficaban pechas. Non tiña xeito de fuxir.

Co tempo cheguei a acostumarme a aquela surrealista situación, que era tan inevitable como o feito de que despois do domingo ven sempre o luns. Para pasar o tempo adquirín o hábito de fixarme nos detalles que a escasa luz me permitía ver. E alí estaba a cheminea. Imponente. Desafiante. Case como un faro do medio da noite. Aquello debía de ser a testemuña dunha fábrica ruínosa. Un xeito de lembrar con orgullo un pasado próspero.

Cada sábado e cada domingo, o tren detíase diante daquela torre para que 30 anos despois eu recoñecese que formo parte de algo mais grande que eu mesmo.

Nalgún momento cheguei a intuílo. Pero estaba demasiado anoxado para ser plenamente consciente diso: eu so quería chegar ó meu destino.

Cómo podía saber entonces que xa estaba alí!

Sabía que o lugar se chamaba Portas (poñiao no cartel da estación). Durante anos odiei ese lugar tan só porque supoñía un inexplicable retraso nos meus plans mais inmediatos.

Os anos noventa remataron en casamento. Remataron tamén as viaxes en tren da fin de semana. O que eu sempre soñei ("seven Sundays") tornouse realidade.

Foi pasando o tempo e a vida entre as incertezas do novo milenio. A vida por diante que compartíamos a Raquel e mais eu abríase camiño polo medio das dificultades e loitas do día a día. Eran malos tempos para os soñadores, os poetas e as artistas.

O domingo seguía a ser o noso día, anque agora investíamolo sobre todo en recuperar forzas para afrontar a seguinte semana.

No 2004 chegou a Alba...e eu pensei que o meu corazón ia estoupar de amor.

Tamén chegou a fin dos meus contratos laborais.



Ahí tamén sentín medo. Moito medo.


A Raquel e mais eu estábamos afeitos a vivir con moi pouco...mais agora estaba a Alba. E un pai sempre quere o mellor para os seus fillos.

Por desgraza non fai falla que me extenda para contar o que significa vivir no desemprego. E unha sensación de impotencia, anguria e incerteza...

Para cando chegou o verán de 2005 xa tiña experimentado o valor da amizade e a comunidade que se tece con afectos e coidados mutuos. Os vínculos forxados nas vivencias compartidas son fortes e poderosos para poder afrontar os momentos duros do camiño.

Cando unha tarde sonou o teléfono, souben que algo importante iba a suceder. Aconteceu que precisaban a alguén para dar clases de relixión evanxélica nun colexio da provincia de Pontevedra. Querían especificamente que fose eu quen ocupara a praza. Era por un curso, xa que non pensaban que se consolidara a praza.

A persona que me entrevistou bromeou co feito de que eu era xeógrafo e o colexio en cuestión levaba o nome de un ilustre cartógrafo: Domingo Fontán. Pensou que era unha coincidencia curiosa.



ANDRÉS IGLESIAS

Eu sabía que non era casualidade. Sóbuno no momento en que me dixo que o colexio estaba en Portas.

Non foi un ano...van xa 17. 17 anos de aprendizaxe compartido, vivencias compartidas, comunidade, familia...fogar.

Cada mañá cando paso por diante da cheminea da Azucareira sinto unha profunda gratitude...e unha sensación de certa reverencia. E o que pasa cando es consciente de que formas parte de algo mais grande que ti mesmo.

A idea de esta historia xurdiu fai uns días, cando no medio dunha sesión de avaliación, vin pola fiestra como Luís xogaba e ría coas súas pequenas...lembrei que eu adoitaba facer o mesmo coa Alba, e despois coa Irene. Lembrei que nese mesmo intre a Alba estaba a facer as probas da ABAU...foi un momento de vértice ante a velocidade coa que pasa o tempo.

Non poiden evitar sorrir o pensar canto me gustaría poder facer que o tempo se detivese. Que a vida de repente non me alcanzase tan pronto. Poder determe e non ter presa por reiniciar a marcha...como aquel tren no que viaxaba cando era novo...e no que eu, inconsciente de min, tiña presa.

14. Alumnado, persoal docente e non docente, que formaron parte desta comunidade educativa durante o ano 2022:

14.1 ALUMNADO:

Abal Martínez, Daniela
 Abal Rivas, Mario
 Abal Susavila, Manuel
 Acevedo Abalo, Lucía
 Aguilar Rodríguez, Kevin
 Alfonso Cabrejas, Carolina
 Alfonso Cabrejas, Pedro Mateo
 Alfonso Gonzalez, Anette
 Alfonso González, Hugo
 Alonso González, Paula
 Alonso Monteagudo, Carlota
 Alonso Sayar, Manuel
 Álvarez Ferreira, María Victoria
 Álvarez Pintos, Brisa
 Ambroa Roma, Marcos
 Ambroa Roma, Vanessa
 Amor Carreira, Denis
 Angueira Santos, Sabela
 Angueira Varela, Nuria
 Arnau González, Pablo
 Baños Lago, Sofía
 Barcala Ruel, Eva
 Barreiro González, Mariña
 Barreiro González, Sara
 Barreiro Sánchez, Carolina
 Barreiro Sánchez, Sara
 Bayón Diz, Daniela
 Bemposta Portos, Carolina
 Blanco Rial, Leyre
 Blanco Souto, Breixo
 Brea Estévez, Alba
 Búa Fontán, Sabela
 Caamaño Arzúa, Natalia
 Cabanelas Vázquez, Leo
 Caeiro Domínguez, Aroa
 Caeiro Domínguez, Mauro
 Callón Saborido, Cristian
 Callón Saborido, Lara
 Campañó López, Mariña
 Campañó López, Nuno
 Carreira Arzúa, Marcos
 Carreira Lea, Alba
 Carreira Lea, Estela
 Carreira Villanueva, Isaac
 Carreira Villanueva, Ximena
 Casal Torres, Eloi
 Casal Torres, Roi
 Castro Ameal, Borja

Castro Castro, Mariña
 Castro Ruibal, Xavi
 Castro Ruibal, Yago
 Cerqueiro Arcos, Irene
 Chaves Álvarez, Alba
 Chaves Álvarez, Martina
 Chaves Cores, Aldhara
 Coejo Ríos, Gabriela
 Collazo Solla, Joel
 Collazo Solla, Raúl
 Conde Jamardo, Adrián
 Conde Jamardo, Alejandro
 Conde Pintos, Carla
 Constenla Estévez, Icíá
 Cores Diéguez, Iago
 Cores Diéguez, Katia
 Cores Pérez, Naiara
 Cores Seijo, Raúl
 Costa Durán, Ariadna
 Da Conceição Gallego, Dylan
 Da Costa Martinez, Dylan
 Da Silva Da Eira, Diana Sofía
 Da Silva Da Eira, Rodrigo
 Da Silva Oliveira, Hugo
 Da Silva Oliveira, Sara
 Darriba Casal, Daniel
 De La Torre Fernández, Evelyn
 Devesa Díaz, Anais
 Devesa Díaz, Noa
 Diz Dafonte, Carla
 Diz Fontán, Eloi
 Diz Fontán, Mateo
 Diz Pallares, Adrián
 Diz Pallares, Mateo
 Diz Pérez, Enzo
 Diz Piñeiro, Anxo
 Domínguez Pérez, Ainhoa
 Dominguez Pérez, Aroa
 Escariz Alfonso, Abel
 Esperón Castro, Marcos
 Esperón Castro, Martín
 Eyo Figueiras, Alejandra
 Fandiño Belliard, Anahis
 Fandiño Belliard, Iván
 Fandiño Belliard, Manuel
 Fariña Campos, Nora
 Fariña Martínez, Clara
 Fariña Martínez, Sofía
 Fariña Montero, Lía



Fariña Montero, Roi
 Fariña Rivas, Mateo
 Fariña Vázquez, Leo
 Fariña Vázquez, Lucas
 Feixó Caba, Lois
 Feixó Caba, Xurxo
 Fernández Casal, Yago
 Fernández Diz, Carolina
 Fernández Diz, Diego
 Fernández Güimil, Nicolás
 Fernández Outón, Daniel
 Fernández Outón, Yeray
 Feros Fontán, Amparo
 Feros Fontán, Vanessa María
 Ferreirós Castro, Lucía
 Ferrín Fontán, Sofía
 Filgueira Ortigueira, Nerea
 Fojo Díaz, Sabela
 Fontán Blanco, Juan
 Fontán Blanco, Victor
 Fontán Daumont, Emma
 Fontán Piñeiro, Roberto
 Fontán Rey, Candela
 Fontán Rey, Enzo
 Fontenla Pallares, Daniela
 Fraga Diz, Clara
 Fraga Diz, David
 Freire Cortés, Aitor
 Frieiro Quiroga, Julia
 Gago Oubiña, Carla
 García Barral, Lucía
 García Fariña, Mateo
 García Jamardo, Soraya
 García Martínez, Xabier
 García Monteagudo, Tiago
 García Vázquez, Andrea
 García Vázquez, Sandra
 Gerpe Rodríguez, Alma
 Gerpe Rodríguez, Martina
 Goldar Fojo, María
 Goldar Rodríguez, Nerea
 Golobardas González, Hugo
 Gómez Barreiro, Iker
 Gómez Barreiro, Uxía
 Gómez Barros, Daniel
 Gómez Cores, Antía
 Gómez Díaz, Aaron
 Gómez Díaz, Borja
 Gómez Mesego, Lucas
 Gómez Mesego, Samuel
 Gomez Villar, Pablo
 González Asperez, Laura
 González Aspérez, Mateo
 González Fontán, Brais
 González Oubel, Manuel

González Oubel, Rubén
 González Rodríguez, Mauro
 González Rodríguez, Yago
 González Touriño, Roque
 Gorís Arias, Jaime
 Goris Portas, Bruno
 Gurisatti Jung, Emma Victoria
 Gurisatti Jung, Joaquín Lorenzo
 Iglesias Torres, Alexandre
 Jamardo Freiria, Brais
 Jamardo Freiria, Xavi
 Jamardo Valle, Andrea
 Jamardo Valle, Evan
 Lago Arca, Brais
 Lago Arca, Iria
 Lago Rodríguez, Daniel
 Lodeiro Calviño, Antía
 Lodeiro Calviño, Irene
 López Casas, Gabriela
 López Ferreira, Ernesto
 López González, Alejandro
 López Torres, Laura
 Lorenzo Buceta, Zaida
 Lorenzo Souto, Hugo
 Lorenzo Souto, Iago
 Loureiro Iglesias, Breogán
 Luna Fuentes, Mario
 Maquieira Pallares, Xeila
 Maquieira Pallares, Xian
 Marante Seijas, Shaila
 Martínez Lagares, Aroa
 Martínez Lagares, Elián
 Meijide Seoane, Alfredo
 Méndez Outón, Marta
 Méndez Pombo, José Maria
 Méndez Pombo, Pablo
 Mondragón Seijo, Roi
 Montero González, Rubén
 Montes Goris, Alba
 Mora Martínez, Álex
 Mosquera Mosteiro, Lidia
 Mosteiro Ares, Mariña
 Mosteiro Ares, Roi
 Mosteiro Marcos, Asier
 Mosteiro Marcos, Hodei
 Moure Castro, Iván
 Mouriño Esperón, Sofía
 Naveiro Diz, Sofia
 Navia Poza, Sabela
 Núñez Fontán, Marta
 Nuñez Fontán, Sabela
 Ocampo Lafuente, Carla
 Oliveira Mosteiro, Adrián
 Otero Esperón, Leire
 Otero Fontán, Laura

Otero Fontán, Pablo
 Oubel Estévez, Hugo
 Outeda Cobas, Daniela
 Padín Fontán, Fabián
 Padín Fontán, Vera
 Parada Caldas, Hugo
 Parga Campos, Olivia
 Patiño Rebón, Antía
 Paz Ríos, Sofia
 Pereiro Freire, Nerea
 Pérez Falcón, Roi
 Pérez López, José Ramón
 Pinheiro Mota, Ariel
 Pinheiro Mota, Fred Andrés
 Pinheiro Mota, Natasha
 Pintos De Pazos, Francisco
 Pintos De Pazos, Lucía
 Piñeiro De La Fuente, Lidia
 Piñeiro De La Fuente, Raúl
 Piñeiro López, Juan
 Piñeiro Pérez, David
 Piñeiro Pérez, Lucía
 Piñeiro Rial, Lara
 Piñeiro Villaverde, Lucia
 Piñeiro Villaverde, Roi
 Piñón Lorenzo, Lois Martiño
 Polo Freire, Nayara
 Pomar Fariña, Adán
 Pomar Fariña, Darío
 Portas Vázquez, Naiara
 Prego Güimil, Roi
 Raposeiras Baltasar, Yago
 Rebón Diz, Hugo
 Rebón Fedorov, Mario
 Rego Fraga, Anxo
 Rego Fraga, Paula
 Rego López, Marco
 Rego López, Teo
 Rey Gómez, Ánxelo
 Rey Gómez, Ulises
 Rey Otero, Noa
 Rey Otero, Xián
 Ríos Costa, Noelia
 Ríos Landín, Carla
 Ríos Pérez, Icíá
 Ríos Pérez, Uxía
 Rivas Lorenzo, Alejandro
 Rodiño Piñeiro, Noa
 Rodríguez Bello, Jimena
 Rodríguez Díaz, Diego
 Rodríguez Diéguez, Nerea
 Rodríguez Diéguez, Uxía
 Rodríguez Martínez, Ainoa
 Rodríguez Pereira, Emma
 Rodríguez Ruel, Darío

Rodríguez Veá, Félix
 Rodríguez Viñarta, Jennifer
 Rodríguez Yaccuzzi, Valentín
 Romay López, Alexia
 Rufián Silva, Daniel
 Ruibal Lago, Rodrigo
 Ruibal Rivas, Zaira
 Ruibal Salgado, Leila
 Sabarís Costas, Raquel
 Sabarís Monteagudo, Érika
 Sabarís Pérez, Antón
 Sánchez Diz, Martín
 Sayáns Mosquera, Hugo
 Segundo Fernández, Hugo
 Seijo García, Simón
 Silva Laiño, Izan
 Silva Laiño, Yael
 Silva Valle, Laura
 Solla Casal, Noelia
 Souto Villanueva, Lara
 Trigo Camiña, Enola
 Trigo Camiña, Xael
 Valentín Dafonte, Déborah
 Vázquez Arcenegui, Javier
 Vázquez García, Alicia
 Vázquez García, Daniel
 Vigo Monteagudo, Daniela
 Vila Lira, Maria
 Vila Lira, Sara
 Villadeamigo Buceta, Andrea
 Villadeamigo Buceta, Sofía
 Villanueva Solla, Brais
 Villanueva Solla, Sabela
 Vivel Oubiña, Aitor José
 Vivel Oubiña, Gabriela María



Revista "Palpuriña" 50 ANIVERSARIO C.P.I.Domingo Fontán

14.2 PROFESORADO:

Abuín Carou, María Isabel
 Blanco Rodríguez, Nuria
 Bugallo Silva, Manuel Jose
 Castro Penas, Carlos
 Coba Cascallar, Flora
 Constenla Novoa, Xoán Xosé
 Fernández Costas, Javier
 Fernández Granja, Javier
 García Gutiérrez, María Luisa
 Ginzo Villamayor, Ana María
 González Chaves, Eva María
 Guimil Álvarez, Juan
 Iglesias Cascallar, Ángel
 Iglesias Gil, Andrés
 Lago Estévez, Rosa María
 Lorenzo Fontenla, Emilio
 Mallón Otero, Alicia

Marín Montenegro, Jesica
 Martínez Casal, Alicia
 Martínez Rodiño, María del Carme
 Neira Andújar, María Jesús
 Outón Riveiro, Davinia
 Rey Asorey, Raquel
 Rodríguez Moscoso, María Yolanda
 Rosales Sueiro, Sara
 Sabarís Escudero, Susana
 Salgado Suárez, Eva María
 Sánchez Freiría, Jose Ramon
 Simo Bazo, Susana Isabel
 Solla Codina, Eva María
 Teixeira Ferreño, Manuel Javier
 Vázquez Muinelo, Luís Pablo
 Villaverde Platas, Luís

14.3 PERSOAL NON DOCENTE:

Barros Casas, Sonia
 Capelo Rodiño, Mónica
 Diz Piñeiro, María José
 Fernández Pérez, Guadalupe
 Magariños Abal, R. Elena

Moares Vidal, María del Carmen
 Moure Diz, José Ramón
 Rodríguez Suárez, Trinidad
 Solla Ruibal, Josefina

COMISSION ORGANIZADORA

